

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación
DISCIPLINA	Escenificación
TITULACIÓN	Título Superior de Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual e Xestual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia.
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADORA	Carmen Labella Rivas
	Nome e apelidos: Irene Moreira Fontán e Leonel García Laborde Horario tutorías: Despacho: Dirección escénica e Dramaturxia Contactos: irenenmoreirafontan@gmail.com / leoneljgl@hotmail.com
	Nome e apelidos: Carmen Labella Horario tutorías: Despacho: Dirección escénica e Dramaturgia Contacto: carmenlabella@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Principios xerais da escenificación. Análise da situación, do personaxe e da escena. Creación e análise do texto espectacular.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Valorar o traballo da posta en escena como un proceso metodolóxico estruturado de acordo cunha concepción concreta de escenificación.		T3, T17, X3, X6, EI2.	
2. Selección, organización, interpretación e adaptación creativa de material documental en función dunha idea dramática.		T17, X6, X8, EI1, EI5.	
3. Determinar unha posible lectura dun texto dramático utilizando a hermenéutica. Aprender a definir a estética e a estilística que guiará o proceso de escenificación.		T3, X3, X6, EI1, EI2, EI5.	
4. Articulación dos elementos significativos da posta en escena partindo dunha fundamentación previa.		T3, T17, X6, X8, EI1, EI2.	
5. Coñecemento e aplicación de procedementos metodolóxicos para elaborar un proxecto escénico, desde a súa concepción ata a súa representación.		T7, T9, X6, EI2, EI5.	
6. Desenvolver a capacidade para traballar de forma efectiva en cooperación con outros e coordinar equipos.		T3, T7, T9, X4, X8, EI5.	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. A Dirección escénica.	Orixe da Dirección escénica. Panorama da evolución da Dirección escénica.	6	
2. O texto dramático e a posta en escena.	Relacións entre texto e representación. Elección do texto. Do texto ao espectáculo.	3	
3. Etapas da posta en escena.	Concepto e metodoloxía do traballo dramático. Fase de información e documentación.	3	
4. Análise da situación, do personaxe e da escena.	Estudo sincrónico do texto e as súas implicacións teatrais orixinais. Proxección escénica do texto.	4	
5. Creación e análise do texto espectacular.	Lectura escénica. Elección estética e estilística da posta en escena. Subliñados dramáticos.	4	
6. Creación e análise do texto espectacular. A escena.	Situación. Desencadenamento. Protagonismo e obxectivo. Antagonismo e obstáculos. Puntos de xiro e clímax. Resolución.	8	
7. Sistemas de escenificación teatral e narrativa escénica.	Repartición. Planificación do traballo cos intérpretes. Espazo escénico: espazo da acción e espazo arquitectónico. Concepto e significación do vestiario. Dramaturxia da luz. O mundo dos obxectos. Mobiliario. Utilería. Medios audiovisuais.	20	
8. A composición. O movemento escénico.	A determinación do movemento. Principios xerais do movemento. Entradas, saídas, cruces e desprazamentos.	9	
9. Dos ensaios á estrea.		3	
TOTAL SESIÓNS		60HORAS	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (h)	Non presencial (h)	Total
Actividades introdutorias	6		6
Exposición teórico-prácticas	18	8	26
Práctica individual	10	25	35
Práctica colectiva	17	10	27
Proxecto		27	27
Actividades complementarias	10		10
Titorías individuais	10	2	12
Titorías de grupo	10	2	12
Actividades de avaliación. Probas	3		3
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	3	15	18
Actividades de avaliación. Revisión	3	1	4
TOTAL	90 h	90 h	180 h
PERCENTAXE	50 %	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE		
Actividades	Descrición	
1. Exposicións teórico-prácticas	Exposición docente. Implica a programación de actividades a partir da exposición teórica con exemplos prácticos. Exposición estudantil: sobre o seu traballo no proxecto de escenificación individual.	
2. Lectura en común de textos	Realización de análises críticas e estudos comparativos a partir de textos teóricos, memorias, libros de dirección, notas de postas en escena e vídeos de escenificacións ou películas.	
3. Visionado de vídeos		
4. Debates	Formulación, fase de traballo en equipo, guion e celebración do debate.	
5. Proxectos de traballo	Implica actividades de procura, actividades de xestión da información e actividades de comunicación na súa posta en común e defensa.	
6. Asistencia a espectáculos	Actividade complementaria que supón a asistencia a espectáculos e a súa análise crítica en grupo.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo máis apropiado.	
Orientación	Orientación respecto das dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto de escenificación	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	40%
Prácticas de escenificación	T3, T7, T9, X3, X4, X8, EI1, EI2, EI5.	50%
Fundamentacións escénicas	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto de escenificación	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	50%
Prácticas de escenificación	T3, T7, T9, X3, X4, X8, EI1, EI2, EI5.	40%
Fundamentacións escénicas	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	10%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto de escenificación	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	50%
Prácticas de escenificación	T3, T7, T9, X3, X4, X8, EI1, EI2, EI5.	40%
Fundamentacións escénicas	T3, T17, X3, X6, X8, EI2, EI5.	10%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
<ul style="list-style-type: none"> - Braun, E. (1986): El director y la escena (del naturalismo a Grotowski). Buenos Aires, Galerna. - Canfield, C. (1995): El arte de la dirección escénica. Madrid, ADE. - Ceballos, E. (1999). Principios de dirección escénica. México. Colección Escenología. - Hormigón, J.A. (2002). Trabajo dramático y puesta en escena (Vol.1). Madrid, ADE. - Martínez Paramio, A. (2006): Cuaderno de dirección teatral, Ciudad Real, Ñaque Editora. - Pavis, P. (1998): Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología, Barcelona, Paidós. - Salgado, D. ((2006): A dirección de actores. Vigo. Ed. Galaxia. - Sánchez, J.A. (1999): La escena moderna. Manifiestos y textos sobre teatro de la época de las vanguardias. Madrid, Akal. 		
Referencias complementarias:		
Diversos textos dramáticos para elaborar os proxectos de escenificación.		

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

1. Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.
2. Nas prácticas escénicas valorarase positivamente o resultado artístico e a súa evolución, o uso dos coñecementos adquiridos e a correspondencia entre fundamento e práctica.
3. Para obter unha cualificación global positiva, deberánse aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa. No caso de que un estudante suspenda unha ou máis actividades e a media da nota fose superior a 5, a disciplina considérase suspensa e a cualificación que figurará na acta será de 4,9.
4. A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta disciplina supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.
5. A asistencia a tutorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.
6. É imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación co profesorado da disciplina para a asignación ou pacto do texto para o proxecto escénico e información dos exercicios concretos a realizar.
7. O alumnado que se presente ás convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente co profesorado co fin de organizar próbalas pertinentes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación sufrirá as modificacións derivadas da necesidade de articular unha avaliación non presencial. **A avaliación excepcional desta disciplina será a mesma que a súa ordinaria** (recollida no apartado 8.1 deste programa), **coa particularidade de que todas as prácticas de escenificación serán propostas escénicas gravadas, exercicios sonoros e audiovisuais e/ou curtametraxes**. A supervisión docente das será actividades mediante os mecanismos de comunicación a distancia oportunos.

Avaliación excepcional		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Proxecto de escenificación	T3, T17, X3, X6, X8, E12, E15.	40%
Prácticas de escenificación gravadas	T3, T7, T9, X3, X4, X8, E11, E12, E15.	50%
Fundamentacións escénicas	T3, T17, X3, X6, X8, E12, E15.	10%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, a profesora combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).